



— COLEGIO —

Ángel de la Guarda

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

- NOF -

CURSO 2025-2026

ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN.....	2
2. TÍTULO I : INTRODUCCIÓN.....	2
3. TÍTULO II: ÓRGANO EXECUTIVO DE GOBERNO	3
4. TÍTULO III: ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO.....	5
5. TÍTULO IV: ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	7
6. TÍTULO V: ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN	11
7. TÍTULO VI: DA CONVIVENCIA NO CENTRO	12
8. TITULO VII: órgano de aprobación e data	34
9. DISPOSICIÓNS FINAIS: difusión, publicidade e modificación.	35

NORMAS DE ORGANIZACION E FUNCIONAMIENTO (NOF)

1. PRESENTACIÓN

As normas de organización e funcionamento do centro son un instrumento que recolle a formalización da estrutura organizativa do centro e que contén as normas de convivencia e de participación necesarias na vida do mesmo. É tamén un complemento eficaz e necesario dos Proxectos Educativos, nel apréciase a expresión práctica dos principios e valores e o carácter propio do centro. Para a elaboración do mesmo, foi elaborado en función da ley educativa vixente no seu momento, e actualizado en base o último **DECRETO 8/2015**, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de **convivencia e participación** da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

2. TÍTULO I : INTRODUCCIÓN

CAPÍTULO I : BASE LEGAL

Artigo 1

Os valores que impregnan a educación no centro , así como as normas, regras, preceptos, etc., polos que debe rexerse o funcionamento desta Comunidade Educativa ampáranse nas leis, declaracións fundamentais e tódalas disposicións legais ditadas pola Consellería competente en materia de educación que poidan ser aplicadas nas presentes normas de organización e funcionamento.

CAPÍTULO II: PRINCIPIOS XERAIS QUE SE ASUMEN

Artigo 2

Estas Normas de Organización e Funcionamento e a súa aplicación desenvolverase tendo presentes os valores que aparecen no noso Proxecto Educativo e os seguintes principios xerais:

- a) O pleno desenvolvemento da personalidade do alumno/a.
- b) A formación no respecto ós dereitos e liberdades no exercicio da tolerancia dentro dos principios de convivencia.
- c) A comunicación e o diálogo como base para o intercambio de ideas, experiencias e opinións , e para a solución de conflitos que poidan ocasionarse no Centro.
- d) A formación para a paz, cooperación e a solidariedade.
- e) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- f) A participación de tódolos membros da Comunidade Escolar, o que supón o dereito a intervir, por medio dos representantes, na toma de decisións que lles afecten.
- g) A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como de coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e artísticos.

- h) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- i) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- j) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- k) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

3. TÍTULO II: ÓRGANO EXECUTIVO DE GOBERNO

Capítulo I : o equipo directivo

Artigo 3

O Director/a xunto co Xefe/a de Estudos e o Secretario/a constitúen o Equipo Directivo.

Artigo 4. As competencias do Director/a son:

- a) Dirixir e coordinar tódalas actividades educativas do Centro de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das funcións do Consello Escolar
- b) Exerce-la xefatura de todo o persoal docente no ámbito académico
- c) Convocar e presidir los actos académicos e as reunións de tódolos órganos colexiados do Centro.
- d) Visa-las certificacións e documentos académicos do centro.
- e) Executa-las acordos dos órganos colexiados no ámbito das súas facultades.
- f) Designar o Xefe/a de Estudos e o secretario/a. Nomea-las coordinadores de ciclo, ó coordinador de normalización lingüística e ós titores.
- g) Cumprir e facer cumprir-la legalidade vixente
- h) Dirixir e coordinar tódalas actividades do Centro, cara á consecución dun proxecto educativo sen prexuízo das competencias que o presenten as normas atribúan ós restantes órganos de goberno.
- i) Coordina-la elaboración do Proxecto Educativo do Centro, do proxecto curricular e da programación xeral anual, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración Educativa
- j) Favorece-la convivencia do Centro e impoñe-las correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente, cas normas de organización e cos criterios establecidos polo Consello Escolar
- k) Garanti-lo dereito de reunión do profesorado, alumnado, pais e nais e persoal de administración e servizos de acordo coa lexislación vixente na materia.
- l) Xestiona-las medios humanos e materiais DO Centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do equipo Directivo, Coordinadores de ciclo e normalización lingüística.

- m) Promover e impulsa-las relacións do Centro coas institucións do seu entorno.
- n) Trasladar ó Delegado Provincial da Consellería de Educación a memoria anual sobre as actividades e situación xeral do Centro, así como , no seu caso, as propostas de solución ós problemas existentes.
- o) Facilita-la adecuada coordinación con outros servizos educativos de zona.
- p) Proporciona-la información que lle sexa requirida polas autoridades educativas e colaborar en todo o relativo ó logro dos obxectivos educativos do Centro
- q) Facilita-la información sobre a vida do Centro ós distintos sectores da comunidade escolar.
- r) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións de rivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.
- s) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realiza ción destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

A dirección, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións en **materia de convivencia**:

- a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que fa voreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvol vemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

Artigo 5. As competencias do xefe/a de Estudos son:

- a) Exercer, por delegación do Director/a, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.
- b) Substituír ó Director/a en caso de ausencia, enfermidade ou suspensións de funcións.
- c) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesorado e alumnado, en relación co proxecto educativo do Centro, cos proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- d) Elaborar, en colaboración co Director/a e co secretario/a, os horarios académicos de alumnado e profesorado de acordo co horario xeral incluído na programación, así como velar polo seu estrito cumprimento.
- e) Coordina-las actividades dos Xefes/as de Departamento e dos Coordinadores de Ciclo.
- f) Coordinar e orienta-la acción dos Titores de acordo co plano de acción tutorial.
- g) Coordina-la participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organiza-las actividades de formación de profesores.
- h) Coordina-la actividade docente do Centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular, diversificación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.
- i) Facilita-la organización do alumnado e impulsa-la súa participación no colexio nun ambiente cordial nas relación profesores-alumnos

- j) Establece-los mecanismos para suplir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnado accidentado ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do Centro.
- k) Organiza-la atención do alumnado nos períodos de lecer
- l) Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo Director/a dentro do ámbito da súa competencia.

Á xefatura de estudos correspóndenlle as seguintes funcións, en **materia de convivencia**:

- a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.
- c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- d) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

Artigo 6. As competencias do Secretario/a son:

- a) Ordenar o réxime administrativo do Centro, de acordo coas directrices do Director/a
- b) Actuar como Secretario/a dos órganos colexiados levantando acta das sesións e dando fe dos acordos tomados co visto e prace do Director/a
- c) Expedir certificacións
- d) Custodiar e ter actualizados os libros e arquivos do colexio requirindo a colaboración se é preciso, dos coordinadores de ciclo, Titores e Xefes/as de Departamento.
- e) Coordina-la realización do inventario do material académico en colaboración cos Coordinadores de actividades e servizos Complementarios.
- f) Informar á comunidade educativa sobre novidades normativas e de interese xeral ou profesional que poidan afectar ó Centro.
- g) Propoñe-los modelos de informes pedagóxicos, boletíns de notas...
- h) Tramita-las becas
- i) Calquera outra función que lle encomende o Director/a dentro do seu ámbito de competencia.

4. TÍTULO III: ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

Capítulo I: Consello Escolar

Artigo 7. O Consello Escolar é un órgano de goberno de natureza colexiada, constituído por:

- Director
- Tres representantes do Titular do Centro
- Catro representantes dos profesores

- Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos
- Dous representantes dos alumnos, a partir do primeiro ciclo da educación secundaria
- Un representante do persoal de Administración e Servizos

Dos representantes que lles corresponda nos pais no Consello Escolar, un será proposto pola asociación de pais máis representativa, os outros serán por votación ante a mesa electoral, polos pais .

Artigo 8. As competencias do Consello Escolar son:

- a) Garantir o cumprimento das normas xerais sobre admisión de alumnos.
- b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.
- e) Participar na resolución en asuntos de carácter grave plantexados no Centro en materia de disciplina de alumnos.
- f) Aprobar a proposta do Titular, o presuposto do Centro no que atinxe tanto ós fondos provenientes da Administración como ás cantidades autorizadas, así como á rendición anual de contas.
- g) Aprobar e avaliala programación xeral do Centro que con carácter anual elaborará o equipo directivo.
- h) Propoñer , no seu caso, á Administración a autorización para establecer percepcións ós pais dos alumnos pola realización das actividades complementarias .
- i) Aprobar, no seu caso, a proposta do Titular, as achegas dos pais dos alumnos para a realización de actividades extraescolares asistenciais ás que o Centro puidera prestar colaboración.
- j) Establece-los criterios sobre a participación do Centro en actividades culturais, deportivas e recreativas, así como naquelas accións asistenciais ás que o centro puidera presta-la súa colaboración.
- k) Establece-las relacións de colaboración con outros Centros, con fins culturais e educativos.
- l) Intervir na aprobación das normas de organización e funcionamento do Centro.

Capítulo II: Claustro de Profesores

Artigo 9

O claustro de profesores é o órgano colexiado constituído pola totalidade dos profesores/as que presten os seus servizos en concepto de tales no Centro, o Claustro estará presidido polo Director/a do Centro.

Artigo 10. As competencias do claustro son:

- a) Elevar ó Equipo Directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativo e curricular do Centro e da programación xeral anual.
- b) Aprobar e avalia-los proxectos curriculares e os aspectos docentes da programación xeral anual, conforme ó proxecto educativo do centro.
- c) Promover iniciativas no ámbito de experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do Centro.
- d) Elixi-los seus representantes no Consello Escolar
- e) Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellora-lo funcionamento do Centro en calquera dos seus aspectos
- f) Aproba-los criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios dos alumnos
- g) Aproba-la planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e calendario dos exames ou probas extraordinarias
- h) Analizar e valora-lo rendemento escolar do Centro mediante os resultados das avaliacións e outros parámetros que se consideren pertinentes.
- i) Coñece-las candidaturas á dirección e os programas presentados polos candidatos.
- j) Coordina-las funcións referentes á orientación, tutorías, avaliación e recuperación dos alumnos/as
- k) Analizar e valora-los resultados da avaliación que do Centro realice a Administración educativa ou calquera informe referente á súa marcha.
- l) Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación do Centro.
- m) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- n) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- o) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

5. TÍTULO IV: ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

Capítulo I: Equipos de Ciclo / Etapa

Artigo 11

Os equipos de ciclo/etapa agrupan a tódolos mestres que imparten a docencia en cada unha das etapas/ciclos, son órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do Xefe/a de Estudos, as ensinanzas propias do ciclo/etapa.

Artigo 12. As competencias do Equipo de ciclo/etapa son:

- a) Formular propostas ó Equipo Directivo e ó claustro de profesores relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual
- b) Formular propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica relativas á elaboración ou modificación dos proxectos curriculares de etapa

- c) Manter actualizada a metodoloxía didáctica
- d) Elabora-la programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Artigo 13. Os equipos de ciclo/etapa estarán dirixidos por un coordinador

O coordinador será designado polo Director/a, oído o equipo de ciclo. O coordinador de ciclo/etapa deberá ser un mestre que imparta a docencia no ciclo que coordine e desempeñará as súas función durante un período de dous cursos académicos. Será preferente o mestre que teña horario completo no ciclo para o que se designa

Artigo 14. As competencias de coordinador de ciclo son:

- a) Dirixir e coordina-las actividades académicas do Equipo de ciclo
- b) Convocar e presidi-las reunión do Equipo de Ciclo
- c) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevar a Comisión de Coordinación Pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.
- d) Coordinar as función de tutoría dos alumnos de ciclo
- e) Dirixir e coordinar a redacción da programación didáctica do ciclo.
- f) Dirixir e coordinar a elaboración da memoria final de curso e responsabilizarse da redacción das actas das reunión.

Aqueloutras funcións que lle encomende o xefe/a de estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ó reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.

Capítulo II: Os Departamentos

Artigo 15

Os Departamentos didácticos son órganos básicos encargados de organizar e desenvolve-las ensinanzas propias das áreas e as actividades que se lles encomenden dentro do ámbito das súas competencias.

Os Departamentos estarán integrados pola totalidade dos profesores/as que impartan a docencia nas áreas asignadas.

Artigo 16. As competencias dos Departamentos didácticos son:

- a) Formular propostas o equipo Directivo e ó claustro relativas a elaboración do proxecto educativo do Centro e á programación xeral anual.
- b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- c) Elaborar, antes do comezo do curso, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas, e materias integradas no Departamento, baixo a coordinación e dirección do Xefe de Estudos, e de acordo coas directrices xerais establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- d) Promove-la investigación educativa e propoñerlle ó xefe/a de estudos actividades de perfeccionamento do profesorado
- e) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- f) Colaborar co departamento de orientación na prevención e detección temperán de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos/as que o precisen.
- g) Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración co departamento correspondente
- h) Resolve-las reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos lle formulen
- i) Elaborar, a fin de curso, una memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica.
- j) Responsabilizarse das materias optativas que lle correspondan.

Artigo 17

O xefe de Departamento representa ó Departamento na comisión de coordinación pedagóxica.

O xefe de departamento será designado polo Director/a entre os profesores que integren o departamento.

Artigo 18. As competencias do xefe/a de departamento son:

- a) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa
- b) Dirixir e coordinar a redacción da programación didáctica das áreas, materias que se integren no departamento
- c) Dirixir e coordina-las actividades académicas do departamento
- d) Convocar e presidi-las reunións do departamento
- e) Dirixir e coordinar a elaboración da memoria de final de curso.
- f) Informar ós alumnos/as sobre a programación, obxectivos, mínimos esixibles, e criterios de avaliación elaborados polo Departamento
- g) Realiza-lo seguimento da programación do departamento , velando pólo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación

- h) Resolve-las reclamacións de final de curso que afecten ó seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elabora-los informes pertinentes.
- i) Colabora co Secretario/a na elaboración e actualización do inventario do Centro.

Capítulo III: O Titor

Artigo 19

Tódolos grupos de alumnos terán asignado un profesor titor. O titor será nomeado polo Director/a a proposta do Xefe/a de Estudos de entre os profesores que impartan a docencia no grupo.

Artigo 20

Cada titor ademais das súas tarefas docentes específicas, terá asignadas as seguintes competencias:

- a) Participar no desenvolvemento do plano de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Directo/a
- b) Proporcionar ó principio de curso ó alumnado e ós pais información documental ou, no seu defecto, informar onde poden consultar todo o referente ó calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo
- c) Coñece-las características persoais de cada alumno/a a través de análise do seu expediente
- d) Coñece-los aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico do alumno.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino aprendizaxe do alumno para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas e solicita-los oportunos asesoramentos e apoios
- f) Coordina-las adaptacións curriculares necesarias para alumnos/as do seu grupo
- g) Facilita-la integración do alumno no grupo e fomenta-la súa participación nas actividades do centro
- h) Orienta-lo alumno dun xeito directo e inmediato no seu proceso formativo
- i) Informar o equipo de profesores das características do seu grupo de alumnos/as, especialmente naqueles casos que presentan problemas específicos. Organizar e presidi-las sesións de avaliación do seu grupo.
- j) Favorece-lo proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ó alumno sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- k) Colaborar co Departamento de Orientación do centro nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- l) Orienta-las demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co Delegado de grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e Equipo Directivo nos problemas que se presenten.
- m) Informar ó alumnado, ós pais e ó profesorado do seu grupo de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e co rendemento académico.

- n) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- o) Cubri-los documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos
- p) Controla-las faltas de asistencia, puntualidade do alumnado, e ter informados ós pais,titores e ó xefe de estudos
- q) Implicar ás familias nas actividades de apoio na aprendizaxe e orientación dos seus fillos
- r) Atender, xunto co resto do profesorado, ós alumnos/as mentres estes permanezan no Centro nos períodos de lecer.
- s) Aqueloutras funcións que se lles puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

Capítulo IV: Comisión de coordinación pedagóxica

Artigo 21

Estará integrada polo Director/a , que será o seu presidente, o xefe/a de estudos, os coordinadores/as de ciclo, o mestre/a de Audición e Linguaxe e o Orientador/a. Actuará como secretario/a o mestre/a de menor idade.

Artigo 22. As súas competencias son:

- a) Coordina-las actividades puntuais que afecten a tódolos ciclos.
- b) Elevar propostas ó Equipo Directivo para tratar na orde do día do claustro
- c) Favorece-la coordinación nas distintas áreas, coordinando a elaboración dos proxectos curriculares e as posibles modificacións
- d) Elabora-la proposta de organización da orientación educativa e do plan de acción tutorial e elevar o Consello Escolar unha memoria sobre o seu funcionamento ó final do curso
- e) Elabora-la proposta de criterios e procedementos previstos para realiza-las adaptacións curriculares adecuadas os alumnos/as con necesidades educativas especiais.
- f) Asegura-la coherencia entre o Proxecto Educativo, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual
- g) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos Proxectos Curriculares de etapa
- h) Propoñer ó claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación

6. TÍTULO V: ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN

Capítulo I: Delegados de alumnos

Artigo 23

Tódolos grupos de alumnos de 6º de E. Primaria e E.S.O. elixirán no primeiro mes do curso por sufraxio directo, secreto e non delegable, ó seu Delegado/a que formará parte da Xunta de Delegados. Elixirase tamén un Subdelegado/a, que substituirá ó Delegado no caso de ausencia ou enfermidade e o apoiará nas súas funcións.

A designación dos Delegados e subdelegados, poderá ser revogada, logo do informe razoado dirixido ó titor/a, pola maioría absoluta dos alumnos do grupo que os elixiron. Neste caso, procederase á convocatoria de novas eleccións nun prazo de quince días.

Artigo 24. As competencias dos Delegados de clase son:

- a) Asistir ás reunións da Xunta de Delegados e participar nas súas deliberacións.
- b) Expoñer á Xunta Directiva as suxestións e reclamacións do grupo que representan.
- c) Fomenta-la convivencia entre os alumnos/as da súa clase.
- d) Colaborar cos profesores /as e co equipo Directivo para o bo funcionamento do Centro.
- e) Coidar da adecuada utilización do material e das instalacións do Centro.

Os delegados non poderán ser sancionados polo exercicio das súas competencias.

Capítulo II: Xunta de Delegados

Artigo 25

A Xunta de Delegados estará constituída polos Delegados e Subdelegados de grupos e polos representantes dos alumnos no Consello Escolar.

O Xefe/a de Estudos facilitará á Xunta de Delegados un espazo adecuado para que poida celebrar as súas reunións, e os medios necesarios para o seu correcto funcionamento.

Artigo 26. As funcións da Xunta de Delegados son:

- a) Elevar ó Equipo Directivo propostas para a elaboración do proxecto educativo.
- b) Informar ós representantes dos alumnos/as no Consello Escolar.
- c) Recibir información dos representantes dos alumnos/as no Consello Escolar sobre os temas tratados nel.
- d) Elaborar informes para o Consello Escolar por iniciativa propia ou por petición deste órgano
- e) Elaborar propostas de modificación das normas de organización e funcionamento, en materias que lles afecten.
- f) Informar ós alumnos/as do centro das actividades da Xunta de Delegados. Formular propostas ó xefe de estudos para a elaboración dos horarios e ó xefe/a de departamento de actividades complementarias e extraescolares para a organización das mesmas.
- g) Debate-los asuntos que vai trata-lo Consello Escolar no ámbito da súa competencia e elevar propostas de resolución ós seus representantes no Consello Escolar.

7. TÍTULO VI: DA CONVIVENCIA NO CENTRO

Capítulo I: Dereitos e deberes do profesorado

Artigo 27. Os profesores teñen dereito a:

- a) Tódolos dereitos recoñecidos ó conxunto de traballadores.

- b) Participar e recibir a colaboración necesaria par a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- c) A participar directamente no proceso educativo.
- d) Ser respectados por tódolos membros da comunidade educativa no exercicio das súas funcións no que se preserve en todo caso a súas integridade física e moral.
- e) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases, as actividades e os servizos complementarios e a extraescolares
- f) Expoñer as suxestións, ideas e problemas que consideren convenientes.
- g) Acceder a formación necesaria na atención a diversidade e na conflitividade escolar e a mediación.
- h) Chamar ós pais dos alumnos cando o consideren oportuno e a celebrar as reunión programadas no Plan Xeral Anual.
- i) A protección xurídica adecuada as súa funcións docentes.
- j) Ser informado das comunicacións oficiais.

Artigo 28. Os profesores teñen as seguintes obrigas:

- a) Puntualidade no cumprimento dos horarios, xustificando debidamente as faltas de asistencia.
- b) Controla-la asistencia do alumnado, encargándose cada titor de pórse en contacto cos pais para coñece-lo motivo das faltas e a puntualidade.
- c) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contraria a convivencia do alumno.
- d) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contraías á convivencia, e en particular, das situación de acoso escola
- e) Informar aos responsables do centro docente das alternativas da convivencia, gardando reserva e sivilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumno.
- f) Informa ás nais e pais sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos/as.
- g) Cubrir os documentos académicos dos alumnos da súa titoría
- h) Levar control das faltas de asistencia e puntualidade.
- i) Avaliar ós alumnos e cumprir as datas establecidas.
- j) Asistir a tódalas reunións de ciclo, claustros, avaliación, Consello Escolar.....
- k) Respetar e cumprir os acordos tomados no claustro e no Consello Escolar.
- l) Programar a súa materia, preparar as clases, coordinar cos demais compañeiros de ciclo ou nivel...
- m) Impartir unha ensinanza obxectiva sen dogmatismos nin adoutrinamentos.
- n) Respetar a liberdade de expresión do alumnado, recollendo as súas opinións, propostas ou reclamacións para trasladala a quen corresponda.

Capítulo II: Dereitos e deberes dos alumnos

Artigo 29. Os alumnos teñen dereito a:

- a) A recibir unha formación adecuada ó exposto nos desenvolvementos curriculares, programacións e a ser informado s sobre a súa evolución polos profesores e polo seu titor
- b) A que o seu rendemento académico sexa valorado mediante criterios obxectivos, recibindo información previa dos mesmos.
- c) A participar en tódalas actividades académicas que se realicen no Centro, tanto desde os órganos de goberno do centro como dos seus representantes e a recibir información sobre as mesmas.
- d) O respecto da súa intimidade, integridade e dignidade por parte de toda a comunidade educativa.
- e) Á utilización dos medios técnicos do centro nas actividades de aprendizaxe programadas, coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares.
- f) A vestir indistintamente as prendas do uniforme do centro (saia /pantalón) sen prexuízo do seu sexo nin facendo diferenzas de xénero.

Artigo 30

O deberes dos alumnos son:

- a) Aproveitar positivamente o posto escolar. O interese por aprender e a asistencia a clase.
- b) Seguir as indicacións de todo o persoal relativo á organización e á actividade do mesmo
- c) Coidar e facer coidar o material e os equipos do centro, repoiando en caso de perda ou deterioro intencionado.
- d) Vestir o uniforme do centro (Infantil e Primaria) respectando as normas marcadas a tal efecto.
- e) Respetar todos os dereitos da comunidade escolar, sendo estes o profesorado, o persoal non docente, e todo o alumnado do centro.

Capítulo III: Dereitos e deberes dos pais

Artigo 31

As presentes normas de organización e funcionamento considera como **dereitos dos pais/nais** dos alumno/as do centro, os que outorga a Constitución Española e a lexislación vixente en materia educativa. Entre eles hai que destacar os seguintes:

- a) Dereito a que os seus fillos/as reciban unha educación baseada en principios democráticos e unha formación cultural e científica que lles posibilite integrarse na sociedade, de acordo co seu esforzo e capacidade.
- b) Dereito a que os seus fillo/as sexan atendidos sempre, durante o horario lectivo, polo profesorado dispoñible no centro.
- c) Dereito a ser informados periodicamente da evolución académica, rendemento escolar e conduta dos seus fillo/as, e, en xeral, de tódalas actividades ou decisións que lles afecten.
- d) Dereito a entrevistarse co profesor do seu fillo/a e co equipo directivo, para recoller a información que precisen e facerlles as suxestións que estimen oportunas.

- e) Dereito a reclamar sobre o trato e cualificacións outorgadas ó seu fillo/a, e, no seu caso, interpoñer os recursos pertinentes polas canles regulamentarias tanto na etapa de Primaria coma en Secundaria. En Primaria, os exames envíanse á casa para que os pais/nais/titores legais os vexan e os devolvan debidamente asinados ó centro, excepto en 1º e 2º de Primaria, ciclo no que non se envían á casa por se-lo alumnado de moi curta idade.
- En Secundaria, o alumnado, os seus proxenitores ou representante legal dos mesmos poderán solicitar ver e copiar manualmente os exames parciais do seu fillo-a en presenza do titor-a. Non se lles facilitarán fotocopias dos mesmos nin se permitirá facerlles fotos.

O alumnado, os seus proxenitores ou representante legal dos mesmos, poderán solicitar ó profesorado e ó titor-a, cantas aclaracións consideren oportunas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. En todo caso, a reclamación formal abarcará unicamente as cualificacións finais tal e como consta na ORDE DO DOG Nº 48 DE 11 DE MARZO DE 2021.

- f) Dereito a participar no control e xestión do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar.
- g) Dereito a presentar a súa candidatura como representante dos pais/nais no Consello Escolar, e a votar á hora da elección de ditos representantes.
- h) Dereito a participar na toma de decisións que lles afecten a través dos representantes no Consello Escolar, da xunta directiva das A.M.P.A.
- i) Dereito a participar en cantas actividades extraescolares se programen no centro que requiran a súa colaboración ou opinión, a través do Consello Escolar ou das A.N.P.A.
- j) Dereito a promover e organizar cantas actividades educativas e de formación consideren necesarias para unha mellor consecución dos obxectivos propostos no proxecto educativo.
- k) Calquera outro dereito que a lexislación vixente en cada momento lles recoñeza no ámbito educativo

Artigo 32

Os **deberes dos pais/nais** son os que , con carácter xeral establece a lexislación educativa vixente, en especial os seguintes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado. Informarse das actividades que se programen no centro e asistir a cantos actos, asembleas e entrevistas se convoque no centro
- b) Coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos.
- e) Aportar con exactitude e veracidade dos datos que lle requiran dende o centro a efectos de admisión e matriculación dos alumnos/as
- f) Procurar a asistencia e puntualidade dos seus fillos/as ó centro e xustificar as faltas que se produzan
- g) Inculcar ós seus fillos/as hábitos hixiénicos correctos.

- h) Entrevistarse periodicamente co Titor/a dos seus fillos/as
- i) Responsabilizarse dos actos e condutas dos seus fillos/as que, dentro ou fora do ámbito escolar, repercutan negativamente no proceso educativo e na convivencia do centro.
- j) Informarse e cumprir, no que lles atinxe, á Programación xeral do centro e de modo particular o presente NOF e a súas normas, respectalas e facelas respectar.

Capítulo IV: Dereitos e deberes do persoal de administración e servizo.

Artigo 33

Ao **persoal de administración e servizos dos centros**, no ámbito da convivencia escolar recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) A protección xurídica adecuada das súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa.

Artigo 34. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

Capítulo V: Normas de funcionamento diario.

Artigo 35. Son normas de funcionamento diario.

a) Entradas e saídas:

- Para un bo funcionamento do Centro, o horario establecido debe ser cumprido por todos os membros da comunidade educativa.

- O profesorado deberá estar no colexio dez minutos antes de entrada.
- Levarase control de tódolos membros da comunidade educativa que cheguen con retraso.
- Os Mestres de Educación Infantil e Primaria velarán por que os seus respectivos alumnos tomen os correspondentes autobuses ou sexan recollidos polo persoal correspondente.
- Os profesores antes de saír da aula terán que supervisala e comprobar as posibles incidencias que poida ter un alumno (rapaz que perde o autobús, consulta de pais/nais....)
- Iniciada a xornada escolar ningún alumno sairá do centro sen causa xustificada. Para saír do centro dentro do horario escolar, terán que ter xustificación ou requirirase a presenza dos pais.
- En ningún caso os alumnos sairán para casa antes da hora de saída. En caso dalgún accidente ocorrido fora do recinto dentro do horario lectivo, o responsable é o profesor que permite que os seus alumnos saian antes de tocar o timbre.

b) Corredores aulas e baños

- Non se pode correr, saltar, patinar,...etc
- Non se lanzará ningún tipo de desperdicios ó chan
- Non se pode xogar á pelota
- Os alumnos e profesores deben facer un bo uso do material, preocupándose por manter a aula ordenada .
- Na última hora da mañá e da tarde o profesor será o último en abandonar a clase, supervisando que quede ordenada e limpa.
- Débese facer un correcto uso dos baños:
 - Tirar da cisterna
 - Pechar as billas e apagar as luces
 - Non malgastar o papel hixiénico
 - Non utilizar esta dependencia para ningún tipo de xogos

c) Transporte escolar

- Cada autobús dispón dun encargado do transporte que velará polo bo funcionamento do mesmo.
- Calquera falta cometida no transporte escolar será considerada como feita no propio centro.
- Se a falta cometida no transporte fose moi grave ou reincidise nunha grave, ou se incumprise calquera outra medida que establececese a empresa de transportes para o normal funcionamento do servizo, poderá perder o dereito ao uso do transporte escolar.

Consideraranse faltas moi graves:

- Violencia verbal (insultos) ou física ao coidador, condutor ou ao resto dos usuarios.
- Incumprimento da normativa sanitaria vixente, como por exemplo o uso da máscara.

Consideraranse faltas graves:

- Levantarse do asento.
- Desobedecer as ordes do coidador ou do condutor.
- Romper ou deteriorar o autobús.
- Molestar de forma continuada aos demais nenos/as no autobús.

Consideraranse faltas leves:

- Trato pouco respectuoso a calquera dos usuarios do autobús, coidador ou condutor.
- Erguerse reiteradamente do asento, desoíndo ao coidador, condutor.
- Queda totalmente prohibido facer xogos que impliquen levantarse, berrar ou calquera outra actividade molesta ou perigosa
- Os alumnos están obrigados a facer un bo uso do autobús, no referido á limpeza, coidado do mobiliario...
- Ou autobús ten prevista unha hora de chegada a cada parada, non podendo esperar a ningún alumno.
- Durante os percorridos os coidadores teñen plena potestade no autobús podendo facer os cambios que consideren precisos.

d) Comedor

FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR C.P.R. ÁNGEL DA GARDA – NIGRÁN

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas de funcionamento, organización e convivencia do servizo de comedor escolar do Colexio Ángel da Garda, situado en Nigrán. Este servizo é un complemento educativo e un recurso de conciliación familiar, que inclúe a comida de mediodía e a atención do alumnado durante o tempo anterior e posterior a esta.

1. OBXECTIVOS:

- Mellorar as condutas e hábitos durante o tempo de comedor:
- Manter un ton de conversación normal.
- Observar bos modais na mesa.
- Utilizar correctamente os cubertos.
- Manter unha postura adecuada na mesa.
- Observar normas de limpeza antes, durante e despois das comidas.



- Promover o consumo de tódolos alimentos servidos nos menús (educar o gusto por diferentes sabores)
- Fomentar o uso da responsabilidade e no trato que se dispensa ós materiais de comedor (vaixela e mobiliario).
- Fomentar a cortesía e as normas de boa educación co persoal de comedor e cos propios compañeiros.
- Adquirir hábitos saudables respecto á alimentación.

2. ORGANIZACIÓN DO SERVICIO.

O comedor funcionará todos os días lectivos, segundo o calendario escolar. O servizo será atendido por persoal responsable da atención, vixilancia e acompañamento do alumnado. O servizo de comedor está xestionado pola empresa **ARUME**, encargada da preparación e servizo das comidas, así como da coordinación do persoal. Os menús elabóranse e envíanse ás familias con carácter **mensual**. Ofrécese **dietas especiais** adaptadas ás necesidades alimentarias (sen glute, sen ovo, sen lactosa, sen cerdo e vexetariana), previa comunicación e xustificación das familias.

3. HIXIENE E ALIMENTACIÓN

- Lavar as mans antes e despois de comer.
- Manter unha postura axeitada e comer con corrección.
- Empregar correctamente os cubertos e servilletas.
- Comer de todo o que se sirva, respectando as cantidades mínimas.
- Respetar as instalacións e o material empregado.

4. NORMAS DE CONVIVENCIA.

Durante o tempo de comedor deberán cumprirse as normas de convivencia do centro e, ademais, as seguintes:

- Respetar as indicacións do persoal responsable.
- Entrar e saír do comedor con orde e tranquilidade.
- Non correr, empurrar nin gritar.
- Manter unha actitude respectuosa co resto de compañeiros e co persoal.
- Axudar ós alumnos-as de menor idade, cando sexa necesario, a cortar os alimentos.
- Resolver as incidencias que se poidan presentar.
- Vixiar para que se cumpran as normas básicas do comedor.
- Supervisar que as cantidades dos alimentos sexan as adecuadas
- Intentar que los nenos-as proben tódolos alimentos.
- Vixiar o comedor ata que finalicen tódolos alumnos-as.

INCIDENCIAS	ACTUACIONES
Entrar ou saír do comedor desordenadamente (correndo, empurrando, gritando,...)	Entrar e saír de último.
Tirar intencionadamente comida ó chan ou a outros compañeiros-as.	Recoller o que se tirou e limpar as mesas ó final.
Pedir as cousas de maneira inadecuada	Saír de último no comedor.
Deteriorar a propósito ou por mal uso o material propio do comedor.	Repoñer dito material.
Ter un comportamento inadecuado (gritar, falar alto, facer caso omiso das indicacións,...)	Saír de último do comedor.
Saír do comedor sen permiso do profesorado	Saír ó recreo de comedor mais tarde.

*Asimesmo, a cooperativa do colexio, Sociedade Cooperativa Galega La Medoña; ten a potestade de determinar a expulsión do servizo en caso de que o alumno/a non colabore na corrección da súa conduta, sempre que se intente por todos os medios a resolución do mesmo.

e) Recreos e cambios de clase

- Estarán vixiados en Educación Infantil polos seus titores/as, en Primaria e a ESO por dous profesores de cada etapa.
- Mestre de garda revisará as clases e, de estar bo tempo, pecharaas.
- En Secundaria as clases deberán estar pechada; en caso de mal tempo utilizarán ademais da sala de alumnos, poderase abrir se se considera convinte, a aula de biblioteca, sempre cun profesor na aula.
- Tanto nos recreos como nos cambios de clase, as saídas e entradas deberán efectuarse con puntualidade.
- Entre clase e clase o alumnado non debe saír da aula.

f) Actividades complementarias e extraescolares

En calquera actividade complementaria e extraescolar organizada e realizada polo centro, ou por calquera outra empresa que ofrece os seus servizos no centro, sexan estas dirixidas no centro ou fora (unha visita); se aplicarán as normas de convivencia do centro. Os monitores que dirixen estas actividades poden aplicar as medidas correctoras, deixando constancia a titores, dirección de cooperativa e dirección do centro.

As condutas poden ser leves ou gravemente prexudiciais para a convivencia, estas condutas e as medidas de correccións están detalladas neste NOF no **Capítulo VI: Faltas de disciplina e sancións**.

*Asimesmo, a cooperativa do colexio, Sociedade Cooperativa Galega La Medoña; ten a potestade de determinar a expulsión da actividade ou servizo en caso de que o alumno/a non colabore na corrección da súa conduta, sempre que se intente por todos os medios a resolución do mesmo.

g) Outras [teléfonos, dispositivos electrónicos...]

- Os alumnos deberán asistir a clase con puntualidade e participar nas actividades orientadas o desenvolvemento dos plans de estudo.
- Diariamente o titor de cada grupo comprobará a asistencia a clase de todos os seus alumnos e deixaran constancia no correspondente estadillo mensual. Os retrasos tamén se anotarán.
- O alumnado deberá seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración
- O alumnado deberá respectar o exercicio do dereito ó estudo dos seus compañeiros.
- Os alumnos/as deben respectar a liberdade de convivencia e as conviccións relixiosas e morais, así como a dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da comunidade educativa.
- O alumno non poderá discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razóns de nacemento, raza, sexo, crenzas ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
- Os alumnos deben respectar o Proxecto Educativo e o carácter propio do centro de acordo coa lexislación vixente.
- Os alumnos e os profesores deben coidar e utilizar correctamente os mobles e instalacións do centro e respectar as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- Os alumnos non poderán usar o móbil no centro. Poderán traelo pero deixalo a gardar na secretaría do centro ata a finalización da xornada. De ser detectado por un profesor-a que un alumno-a leva consigo o móbil, este seralle confiscado polo período dun mes (a primeira vez) ou ata a fin de curso (segunda vez), baixo custodia en dirección do centro.
- Non estará permitido ter reloxos do tipo smartwatch no centro, serán tratados igual que un móbil. De traelos serán confiscados por un período dun mes na primeira falta, e ata fin de curso na segunda, baixo custodia en dirección do centro.
- Gardaranse todo tipo de reloxos durante a realización dos exames. En caso de traelos, deberanos dar a gardar ao profesor; que llo devolverá ao finalizar o exame.

- Os profesores non poderán utilizar o móbil durante as clases nin ningún tipo de aparato ou mecanismo que sexa de uso persoal.
- Os profesorado ten a obrigaón de avisar a Dirección cando necesite abandonar o centro antes de finalizar a súa xornada.
- En caso de ausencia previsible, o profesorado debe comunicar canto antes á Dirección o día ou días que vai faltar e o motivo xustificado, para reflexalo no parte de faltas; se a ausencia é previsible o profesor deixará a tarefa a realizar polos alumnos-as.
- En caso de que a enfermidade chegue ó terceiro día, o procedemento será o seguinte:
 - 1- Comunicalo ó centro.
 - 2- Pedir a baixa.
 - 3- Entregar o orixinal no centro.
 - 4- Ó incorporarse de novo, entregará parte de alta.

Capítulo VI: Faltas de disciplina e sancións

Artigo 36

A comisión de convivencia, os demais órganos de goberno e participación e as titorías en xeral, deberán optar cantas medidas preventivas sexan necesarias para impedir, no posible, a comisión de feitos contrarios ás normas de convivencia do centro , e que se busquen medidas que fagan practicamente innecesaria a adopción de medidas disciplinarias.

Dende esta perspectiva é recomendable:

- a) Que as medidas correctivas que se adopten inclúan unha análise da situación do alumno de forma que o equipo docente poida intervir, modificando os métodos pedagóxicos, adaptando o currículo, reforzando a imaxe positiva que ten o alumno/a de si mesmo, buscando o compromiso de mellora, modificando a dinámica da aula, etc.
- b) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, do seu dereito a escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito a educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia a clase ou o cambio de centro.
- c) Non se poderán impoñer corrección contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
- d) A imposición das corrección previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumno e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- e) Terase en conta a idade do alumando e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais.
- f) Obter datos dos conflitos que se producen de cara a ter, por un lado, unha visión global da convivencia, e, por outro unha información ampla para poder intervir.

Artigo 37. Tipos de faltas de disciplina

1. Considéranse faltas de disciplina aquelas condutas que infrinxen as normas de convivencia do centro. Según el **DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro**, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, **de convivencia e participación da comunidade educativa** en materia de convivencia escolar; considéranse conductas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:
 - a) **Condutas gravemente** prexudiciais para a convivencia. [Decreto 8/2015; Capítulo III, Art.42]
 - b) **Condutas leves** contrarias á convivencia. [Decreto 8/2015; Capítulo II, Art.38]
2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase aco so escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso es colar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 deste decreto.
3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser cons titutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educa tiva e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuación pertinentes facilitarase de conformidade co estableci do no artigo 28.2 deste decreto.

Artigo 38. Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 43 e 46 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

Artigo 39. Reparación de danos causados

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectiva mente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos

informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Artigo 40. Ámbito de corrección

1. Deben corrixiarse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixiarse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

Artigo 41. Aspectos formais dos procedementos correctores

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 deste decreto deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do presente título.
2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:
 - a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.
 - c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.
 - d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas próximas ou representantes legais desta/e.

- e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
 - f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarse á Inspección Educativa.
 4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipados/os, tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.
 5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.
 6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV deste título son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunciada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.
 7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse igualmente á Inspección Educativa.

Artigo 42. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Son **condutas gravemente** prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refi re o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de tres ou máis condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Artigo 43. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

1. As **condutas gravemente** prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:
 - a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
 - b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
 - c) Cambio de grupo por un prazo de entre 2 semanas e un mes.



- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo, baixo vixilancia.
 - e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo, e entregados para a súa revisión a través do titor.
 - f) Apertura de protocolo correctora ante inspección educativa.
 - g) Cambio de centro.
2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

Artigo 44. A proposta de cambio de centro

- 1. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.
- 2. Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.
- 3. A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
- 4. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.
- 5. A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

Artigo 45. Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, impondrá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III deste decreto.
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Artigo 46. Condutas leves contrarias á convivencia

Son **condutas leves** contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas leves que non alcancen o nivel de conducta grave, tipificadas como:
 - As agresións, inxurias ou ofensas, ameazas e coaccións que poidan considerarse leves.
 - Os actos de discriminación de non ser intencionados e non ter consideración de graves.
 - Os actos de indisciplina considerados leves.
 - Os danos ás instalacións e aos materiais dos centros ou calquera persoa da comunidade do centro de non ser considerados graves.
 - Os actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades que non resulten gravemente perxudiciais.
 - As actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa que poidan considerarse leves.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos de mais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) [en graves] do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia no centro docente.

Artigo 47. Medidas correctoras

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixiadas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito [parte].
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a dirección, xefatura de estudos e o titor/a; se fora o caso, tamén co profesor con quen estaba no momento da incidencia.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
- d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar baixo a vixilancia os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo; e entregalos para a súa revisión ao titor.

Artigo 48. Responsables da aplicación das medidas correctoras

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

- a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.

- b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.
- c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.
- d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Artigo 49. Solicitude de revisión e execución de medidas

- 1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.
- 2. A resolución que imponha algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

Capítulo VIII: Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

Sección 1ª. Disposicións xerais

Capítulo IX: Circunstancias atenuantes e agravantes

Artigo 50. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro.

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: **CONCILIADO ou COMÚN**.
2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
4. A dirección do centro informará o profesorado tutor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.
5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

Artigo 51. Determinación do procedemento de corrección

1. A dirección do centro, unha vez que teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas e n que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.
2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado tutor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.
4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que,

sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gra vemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

Artigo 52. Inicio do procedemento de corrección

1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.
2. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.
3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.
4. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a dita designación.
5. A persoa instrutora terá as seguintes funcións:
 - a) Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.

- b) Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.
 - c) Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.
 - d) Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.
6. A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no artigo 37, números 3 e 7, deste decreto e comunicáraselle á Inspección Educativa. Sección 2ª. Procedemento conciliado

Artigo 53. Procedemento conciliado

1. procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.
2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:
 - a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
 - b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.
3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
 - a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
 - b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
 - c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
 - d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

4. procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Artigo 54. Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunhas das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.
4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar. 5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

8. TÍTULO VII: órgano de aprobación e data

As presentes normas de organización e funcionamento foron aprobadas polo Consello Escolar do CPR PLURILINGÜE ANGEL DE LA GUARDA o 8 de setembro de 2025.

9. DISPOSICIÓN FINAIS: difusión, publicidade e modificación.

➤ Primeira

As normas de organización e funcionamento serán difundidas entre todos os membros da comunidade educativa do centro.

Cando un alumno se matricule por primeira vez no centro, indicáraselle onde pode consultar este documento na páxina web do colexio.

➤ Segunda

A reforma das normas de organización e funcionamento poderá realizarse en calquera momento, ben por iniciativa do Equipo Directivo, a petición de calquera sector da comunidade educativa, ou porque cambie a normativa legal.

➤ Terceira

As normas de organización e funcionamento entrará en vigor o día seguinte de ser aprobado polo Consello Escolar.